



ESCUADERIA
Congostra Team
SANXENXO

Data: 3 de xuño de 2.023
Asunto: EXCLUSIÓN Dorsal 11

Hora: 19:36
Doc. Nº: 025

De: Comisarios Deportivos
Para: Dorsal 11

O Colexio de Comisarios Deportivos recibiron petición do Concursante RACING STAGE SERVICE, dorsal 14, solicitando revisión polo tempo axudicado no Doc. 19 das decisión do Colexio de Comisarios Deportivos trala paralización do treito TC2 (Meaño Staroil 1). Aportan imaxes da cámara on-board instalada no seu vehículo, sendo desestimada na decisión anterior, Doc. 024.

O Colexio de Comisarios Deportivos, despois de estudiar os datos aportados, decidiron actuar de oficio ante as revelacións aportadas en ditas probas.

Vehículo: Dorsal 11

Concursante: TINO RACING

Feitos: Nas imaxes aportadas pode apreciarse a **INTENCIONALIDADE** do dorsal 11 de interromper o/ou obstaculizar a carreira. Tras revisalos informes dos dispositivos GPS dos distintos vehículos afectados, podesse comprobar que o dorsal 11 sufre unha saída de via. O seguinte dorsal (dorsal 12) pasa por ese punto onde so perde aproximadamente 1'5 segundos, polo que se supon que non obstaculizaba o treito. O seguinte dorsal en pasar, o dorsal 14, atopase aos ocupantes do vehículo no medio facendolle sinais de detención no medio da vía, como pode comprobarse nas imaxes aportadas, polo que este participante detense no treito. Asimesmo, pode identificarse unha RODA DE REPOSTO situada na marxe esquerda da carretera para obstaculizar a **TOTALIDADE** do ancho da vía. Unha vez retirada a roda de reposto o vehículo 14 reemprende a marcha despois de estar 3 minutos 39 segundos detido na obstaculización, continuando o treito a unha velocidade anormalmente reducida, dando por suposto a paralización do treito. Dirección de carreira decide parar as saídas no treito para enviar ao Xefe de Seguridade de Treiro e un vehículo grúa para retirar ao equipo 11 e reanudar a carreira. Unha vez chegado ao lugar do incidente. o oficial informa que vista a situación do vehículo e xa retirada a roda de reposto, o paso dos vehículos era perfectamente viable, como demostrou o paso dos vehículos 12 e posteriormente o 14. Retirado o vehículo da via e facendo seguemento do GPS, comprobouse que este participante numero 11 non so é retirado do treito, senón que é levado ata parque de asistencia polo vehículo grúa que, casualmente, é manexado por un familiar dos ocupantes do vehículo accidentado.



Decisión: EXCLUIR da clasificación xeral ao dorsal 11, como asimesmo, excluílo da copa GARA N5 PIRELLI, en base aos artigos 23 das PRESCIPCIONS COMUNS DO ANUARIO DA FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO e a o artigo 2.1.5.7 das PRESCIPCIONS COMUNS PARA RALLYES do referido ANUARIO da FGA. Asimesmo, e dada a especial gravidade dos feitos, baseandose nos artigos refereidos, **DASE TRASLADO** ao Tribunal Galego de Apelación da FGA con proposta de exclusión do Campionato e retirada da licencia federativa.

D. Román Lamas Fernández
Presidente CC.DD

D. Manuel Ramos Iglesias
Comisario Deportivo

D. José Ramón González Villar
Comisario Deportivo